



A indicación xeográfica protexida Vaca e Boi de Galicia Normativa reguladora

1

Causas da creación da IXP Vaca e Boi de Galicia



- **Tradición** secular na producción cárnica uso do gando para o traballo e para producción de carne: más de 2.000 anos de presenza en Galicia.
- En **Galicia** producimos **carne con gran reputación** de calidade.
- **Explotacións tradicionais**, ligadas ao medio.
- Importancia do **censo de vacún**.
- Presenza da carne de Vaca e de Boi de Galicia nos **mercados estatais e centroeuropéos...** ou, polo menos úsase o nome de Galicia para vender carne de vacún maior.
- Detéctase **uso indebido no mercado do nome** Vaca/Boi de Galicia.
- É necesario **tipificar e establecer requisitos** nas distintas fases:
 - Produción animal: orixe, tipos de animais, alimentación,
 - Elaboración: matadoiros, salas de despezamento, canais,
 - Etiquetaxe e comercialización.

2

- Xerar **confianza e transparencia**: produtores do gando, tratantes, industrias da carne, puntos de venda e consumidores.
- Proporcionar **información clara, obxectiva e veraz**: certificación e etiquetaxe.
- **Previr e evitar fraudes** e usos indebidos do nome Vaca galega/ Boi galego. Protección dun ben público.
- Conseguir **melloras socioeconómicas** para todos os participantes na produción e transformación do vacún de carne de Galicia.
- **Melloras ambientais**: recuperación de pastos, produción de alimento para o gando, paisaxe tradicional-produtivo, prevención de incendios, turismo rural.
- A IXP debe ser un factor de innovación que promova estratexias de **coordinación colectiva entre os distintos axentes: produtores, tratantes e industrias da carne de vacún de Galicia**.

3

Normativa reguladora da IXP Vaca e Boi de Galicia Prego de condicións

- **DOG Nº 139 do 22/07/2016 e BOE nº 191, 09/08/2016.** RESOLUCIÓN pola que se dá publicidade á solicitude de inscrición no rexistro comunitario da indicación xeográfica protexida Vaca e boi de Galicia/Vaca y buey de Galicia.
 - A publicación abre un período de oposición, dentro do Estado, para que calquera persoa física ou xurídica cun interese lexítimo e estea establecida ou resida no seu territorio poida formular alegacións e oposicións.
- **DOG Nº 64 do 31/03/2017.** ORDE do 22 de marzo de 2017 pola que se adopta a decisión favorable en relación coa solicitude de inscrición da indicación xeográfica protexida Vaca e Boi de Galicia/Vaca y Buey de Galicia no Rexistro Comunitario de Denominacións de Orixe Protexidas e Indicacións Xeográficas Protexidas.



ANEXO
Prego de condicións da indicación xeográfica protexida (IXP) Vaca e Boi de Galicia/Vaca y Buey de Galicia

- **DOG Nº 124 do 30/06/2017.** ORDE do 23 de xuño de 2017 pola que se aproba o Regulamento das indicacións xeográficas protexidas Ternera Gallega e Vaca e Boi de Galicia/Vaca y Buey de Galicia e do seu consello regulador común.
 - Capítulo I Disposicións xerais
 - Capítulo II Indicación xeográfica protexida Ternera Gallega
 - Capítulo III Indicación Xeográfica Protexida Vaca e Boi de Galicia
 - Capítulo IV Control e certificación
 - Capítulo V Rexistros
 - Capítulo VI Dereitos e obrigas dos inscritos
 - Capítulo VII O Consello Regulador
 - Capítulo VIII Réxime económico e contable
 - Capítulo IX Réxime electoral
 - Capítulo X Réxime sancionador

5

Definición e requisitos

Tipo de produto: carne fresca e miúdos procedente de vacas e bois de Galicia.

- **Zona de producción e elaboración: Galicia.**
 - Animais nacidos e criados en Galicia. *Artigo 24**
 - Matadoiros e salas de despezamento de Galicia, rexistrados no Consello Regulador. *Artigos 14 e 17**
- **Razas e cruces** aptos: Rubia Galega, Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa, Asturiana de los Valles, Limusina, Rubia de Aquitania, Frisona e Pardo Alpina, xa sexan en pureza ou cruzadas entre si. *Artigo 25**
- **Tipos de animais.** *Artigo 30**
 - **Vaca:** femia que tivo polo menos **unha xestación** antes do sacrificio.
 - **Boi:** macho castrado **antes do ano de vida** e que supera os 48 meses de idade ao sacrificio.

*Artigos do Regulamento das indicacións xeográficas protexidas Ternera Gallega e Vaca e Boi de Galicia,
DOG nº 124, 30/06/2017



7

Requisitos e controis



Alimentación dos animais. *Artigo 26**

- Pastoreo, forraxes en fresco ou conservadas e outros recursos das explotacións (cereais gran, patacas e nabos), complementados, de ser necesario, con palla e penso.
- **Período de acabado mínimo de seis meses** para completar o engorde. A ración alimenticia pódese complementar con fariñas de cereais e con **pensos compostos autorizados, de orixe vexetal**, que cumpran as especificacións sobre materias primas.
 - O día da **notificación ao Consello Regulador** por parte da explotación, considerarase como o día de inicio do período de seis meses de acabado. Verifícase o día de sacrificio, no matadero.
 - O rexistro dos animais será realizado polo órgano de control e certificación do Consello Regulador. Os interesados deberán solicitalo como mínimo seis meses antes do sacrificio das reses. *Artigo 29.3**

Requisitos e controis

Alimentación dos animais. Orixe vexetal.

- As **forraxes** procederán de **Galicia**, polo menos nun **80%**.
- **Materias primas:** as habituais na producción gandeira galega, conforme ás **especificacións sobre alimentación**, e dos seguintes grupos:
 - Cereais e derivados.
 - Oleaxinosas e derivados.
 - Leguminosas e derivados.
 - Tubérculos, raíces e derivados.
 - Forraxes.
 - Outros vexetais e derivados.
 - Minerais.
 - Varios (produtos e subprodutos de panadería e similares).
- A **relación de fabricantes e das marcas dos pensos autorizados** inclúense nunha base de datos, a disposición dos produtores inscritos.
Fabricantes de penso: acordo de cumprimento de **especificacións sobre alimentación** co Consello Regulador. *Artigo 26.6**
 - Controis: nas explotacións e nas fábricas de penso.

9

Requisitos e controis

Protección do ambiente, benestar dos animais e tratamentos terapéuticos

- Respectaranse as prácticas gandeiras que promovan a protección do **ambiente** e que favorezan o **benestar dos animais**, así como as boas condicións hixiénico-sanitarias, de acordo coa tradición cárnica galega e co establecido na lexislación vixente. *Artigo 27**
- Tratamentos terapéuticos: o **período de supresión** antes do sacrificio será o dobre do establecido na lexislación vixente, e en todo caso nunca inferior a trinta días naturais. *Artigo 28**
- Prohibido: emprego de produtos que poidan interferir no ritmo normal de engorde ou que poidan facer as carnes nocivas para a saúde humana, así como o emprego de derivados de animais reciclados. *Artigo 28**
 - Programa de control de substancias, tratamentos e alimentación.
 - Toma de mostras en **explotacións** e nos **matadoiros**.
 - Control de libros de tratamiento e documentación de entrada a matadoiro.

As explotacións e os animais teñen que inscribirse nos rexistros do Consello Regulador

- Rexistro de gandarías: explotacións con vacas nais. *Artigo 54**
- Rexistro de cebadeiros: explotacións que ceben animais. *Artigo 55**

Procedemento de inscrpción: *Artigo 29**

- Aviso ao Consello Regulador:
 - Teléfono: 981 57 57 86 / 981 57 48 99
 - Aplicación móvil: Ternera Gallega Explotación / TG Explotaciones (iOS)
 - Páxina web: www.terneragallega.com
- Un vedor irá á explotación e tramitará a solicitude de rexistro.
 - Inscríbense os animais que cumpran requisitos de **raza e tipo de animal**.
 - Verificación sobre DIBs/Libro de explotación/Base de datos informatizada.
 - Xestación, no caso das vacas.
 - Machos: castración < 1 ano de vida.
 - Inspección visual dos animais.
- Colócase un selo da IXP no DIB.
- Incorporación dun animal inscrito previamente noutro REGA: aviso ao CR ≤ 10 días naturais.
- Emítese una acta, por duplicado, onde constan os datos dos animais rexistrados. 11
- Sacrificio dos animais: a partir dos 6 meses, desde o aviso de rexistro do animal. *Artigo 29.3**

COTAS IXP VACA E BOI DE GALICIA

1. GANDARIAS.

Nº de animais aptos

< 20	→	60 € / 5 anos
De 20 ata < 30	→	80 € / 5 anos
De 30 ata < 40	→	100 € / 5 anos
De 40 ata < 50	→	120 € / 5 anos
De 50 ata < 60	→	140 € / 5 anos
De 60 ata < 70	→	160 € / 5 anos
(e así sucesivamente)		

2. CEBADOIROS.

5 € / animal rexistrado

3. INDUSTRIAS (MATADOIROS E SALAS DE DESPEZAMENTO).

0,03 €/Kg. canal certificada pola IXP.

4. MAIORISTAS E RETALLISTAS DE CARNE.

0,03 €/Kg. canal certificada pola IXP.

Nota

Solicitaranse as axudas para os gandeiros por participar en réximes de calidade (durante 5 anos), co obxectivo de que cubran mínimo o 80% dos custos.

a) Vaca galega:

- Conformación: E, U, R e O (excepto O-).

No caso de canais procedentes das razas Morenas Galegas (Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa), non se considera a conformación das canais como condición para a súa certificación.

- Grao de engraxamento: 5, 4 e 3.

- *Artigo 39**
- *Artigo 41**

b) Boi galego:

- Conformación: E, U e R.
- Grao de engraxamento: 5 e 4.

pH: respectarase o establecido na lexislación aplicable ás carnes de calidade.

Poderase utilizar a mención «**Selección**» na etiquetaxe das carnes que destaqueñ pola infiltración e graxa de cor amarela laranxada, coas seguintes condicións de conformación e engraxamento:

- Conformación das canais: E, U e R.
- Grao de engraxamento: 5 e 4 (excepto 4-).
- Poderanse establecer as condicións de uso de distintivos específicos para a carne que proceda da raza Rubia Galega ou do grupo racial Morenas Galegas (Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa). *Artigo 67**

13

Etiquetaxe

Canais, medias canais e miúdos

- *Artigos 33 a 40**

- Nos matadoiros inscritos certícanse e etiquétanse as canais, medias canais, cuartos e miúdos, de acordo coas categorías comerciais “Vaca galega” e “Boi Galego”, así como a mención “Selección”.

Pezas

- O despezamento efectuarase nas salas de despezamento inscritas no correspondente rexistro do Consello Regulador.
- As pezas comercializaranse identificadas coas etiquetas expedidas polo Consello Regulador.

Fileteado

- Pode facerse nas industrias cárnicas inscritas nos rexistros do Consello Regulador ou tamén nos establecementos específicos dos puntos de venda finais que previamente asinasen un acordo de colaboración co Consello Regulador para o control, etiquetaxe e comercialización das carnes protexidas.
- Os envases deberán ir provistos das etiquetas expedidas polo Consello Regulador.



15

Maduración



A maduración forma parte do proceso de obtención da carne amparada pola IXP. Fíxanse uns períodos mínimos, en función das distintas pezas e os seus usos comerciais:

– *Artigo 37**

- **Lombo:** período mínimo de maduración de **quince días**, desde o sacrificio.
- Pezas destinadas a fileteado e á venda ao corte ao consumidor (excepto lombo): período mínimo de maduración de **sete días**, desde o sacrificio.
- Pezas destinadas a uso como ingrediente en produtos elaborados: non se esixe un período mínimo de maduración.

As canais, os cuartos, o lombo e as demais pezas destinadas a fileteado e á venda ao corte presentaranse refixeradas. Se sofren procesos de conxelación perderán a protección da IXP. Tamén perderán dita protección se non se cumpran os períodos mínimos de maduración esixidos.



16

– Artigos 43 a 52*

O órgano de control e certificación do Consello Regulador é o encargado de verificar o cumprimento do indicado no prego de condicións.


O cumprimento das condicións de obtención do produto comprobábase mediante:

- Inspeccións periódicas das ganderías e industrias, dos animais e da carne,
- Revisión da documentación,
- Análises físico-químicas das materias primas e dos produtos,
- Análises de ADN para o seguimento da trazabilidade. Nos matadoiros tómase unha mostra de cada unha das canais certificadas, para verificar que os produtos comercializados corresponden con carne certificada.

* Artigos do Regulamento das indicacións xeográficas protexidas Ternera Gallega e Vaca e Boi de Galicia/Vaca y Buey de Galicia e do seu consello regulador común. Consello Regulador das indicacións xeográficas protexidas de Carne de Vacún de Galicia.

Diario Oficial de Galicia nº 124, 30/06/2017.

17



**Vaca e Boi
de Galicia**

INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA

